



O impacto da crise sanitaria *nxs* menores e adolescentes trans



Daniela Ferrández Pérez, Cristina Palacios Castro, Miguel Vieito Villar

1.- Conceptos preliminares

Temos que comezar o presente traballo falando sobre o concepto trans* para situar o noso obxecto de estudo.

En liñas xerais, o termo trans* remítenos a un conxunto de experiencias persoais que teñen en común a súa flexibilidade ou rexeitamento das actitudes, comportamentos ou aspectos ligados socialmente ao sexo que a estas persoas se asignou no momento do nacemento. Cómpre sinalar, entón, que empregamos o termo trans* nos parámetros definidos por Lucas Platero (2014) como paraugas no cal recoller todas as experiencias persoais antes amentadas. Neste sentido, e atendendo á definición de Platero, temos a vontade de incidir en que *«los niños y niñas que rompen con las normas binarias hombre/mujer, los jóvenes y los adultos trans* no son un problema, si se tuviera que señalar un problema este sería la falta de aceptación social de la transexualidad»*.

Cando se fala do trans*, moitas veces caemos no erro de pensar que se fala de orientación sexual. É importante ter presente que o trans* non implica ningunha orientación sexual determinada. As persoas trans* son obxecto da mesma diversidade ca as persoas que non o son, é dicir, as persoas que chamamos *«cis-sexuais»*.

1 Daniela Ferrández Pérez é integrante do grupo de investigación HISTAGRA da Universidade de Santiago de Compostela, Cristina Palacios Castro é Presidenta de ARELAS, Asociación de Familias de Menores Trans* de Galicia e Miguel Vieito Villar é avogado en exercicio e asesor xurídico de ARELAS.